

Ana Miranda,
vicepresidenta
do Intergrupo de
Apoio ao Sáhara
Occidental



Páxina 5

Protocolo de
creación da Rede
de Cruceiros
Costeiros
e Fluviais



Páxina 9

O Pereiro quere
que os autobuses
urbanos da
capital suban
ao Concello



Páxina 12

O PSdeG denuncia
que Baltar ignora
as advertencias
do Consello
de Contas



Páxina 13

Francisco
Rodríguez será o
candidato do
PSOE en Ourense



Páxina 14



A Coruña será a sede da AESIA

Agencia Española de Supervisión e Inteligencia Artificial

Páxina 7

Entrevista



Xoán Antón Pérez-Lema
Director de Pérez-Lema Avogados e Consultores

"Vexo posible repetir o bipartito, agora cun rol hexemónico para o BNG"

Páxina 2



Concello de Sober

O Alcalde, Corporación e persoal do Concello de Sober deséxanlles

o mellor en 2023

Entrevista de Roberto Mansilla Blanco

Xoán Antón Pérez-Lema | Director de Pérez-Lema Avogados e Consultores

"Vexo posible repetir o bipartito, agora cun rol hexemónico para o BNG"

Avogado cunha prolífica carreira política que o levou a ser secretario xeral de Relacións Institucionais da Xunta de Galicia (2007-2009), e colaborador habitual do noso xornal, Xoán

Antón Pérez-Lema (1964) aborda a situación das peaxes en Galicia e dos dereitos dos consumidores mentres albisca futuros escenarios políticos a nivel galego e estatal.

O seu despacho acaba de gañar a segunda demanda sobre a devolución do 50% das peaxes cobradas por Audasa polas obras na AP-9. Ve posible que se gañen outros casos similares?

Si, certamente. Estamos abertos, a través da principal patronal galega do transporte, APETAMCOR, a todas as empresas e profesionais para reclamar peaxes devengadas antes do 25/06/2018. E, por suposto, a doutrina desta sentenza é aplicábel para calquera tránsito por autoestrada polo que se teña aboada a peaxe e que non cumpra cos requisitos de seguridade, velocidade e comodidade que caracterizan de seu á prestación do servizo de tránsito de vehículos por unha autoestrada de peaxe,

"Estamos abertos (...) a todas as empresas e profesionais para reclamar peaxes devengadas antes do 25/06/2018"

consonte coa Lei de autoestradas de 1972.

Na súa opinión, que hai detrás

do negocio de Audasa coas peaxes en Galicia?

Un negocio abusivo. Pensemos que para o 2023 fálase dun incremento do 9%. A AP9 hai moitos anos que está amortizada e só polas prórrogas seica ilegais dos Gobiernos de Aznar e de Rodríguez Zapatero manteñen a concesión até 2048. É inminente que a Comisión Europea defina se esas prórrogas foron ilegais por non respectar o Dereito europeo que esixía un proceso de concorrencia competitiva. Cómpre ficarmos moi á espreita deste proceso

Vde. leva tamén adiante varios casos de protección ao consumidor. Ante a actual crise económica, como observa a situación dos dereitos dos consumidores?

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE) é quen ten xerado un corpo de doutrina que titoriza aos consumidores, fronte ao desleixo do Tribunal Supremo español, sempre árbitro caseiro a prol dos intereses das grandes empresas. Pensemos na retroactividade da cláusula de chan, que o Tribunal Supremo negaba no 2013 e tivo que asumir pola decisión do TXUE

ou no dereito, antes inexistente a un incidente real que poida cuestionar a execución hipotecaria por cláusulas abusivas ou nulas. Mais esta actitude do Tribunal Supremo conecta co dos principais partidos estatais, PSOE e PP (tamén Vox ou Cs), que prefiren o diñeiro en máns dos bancos no canto de nas máns das pemes e persoas consumidoras.

Entremos na política. Como membro do BNG, Vde. formou parte do goberno bipartito na Xunta de Galicia. Ollando ás eleccións autonómicas 2024, ve posible repetir este bipartito?

Si, mais desta volta invertindo o rol hexemónico, que sería agora do BNG. Preocúpame, porén, a febleza relativa do PSdeG e o seu desinterese aparente nunha remuda á fronte da Xunta que é non só de extrema necesidade, senón tamén de extrema urxencia se este país quere ter un futuro, quere ter un desenvolvemento sostíbel...

En varios dos seus artigos, Vde. analiza a situación galega e a súa relación cos poderes estatais. Nese contexto, ve posible



que Galicia poda reafirmar un proxecto autonomista similar aos doutras nacionalidades sen Estado como Escocia ou Cataluña?

Prefiro falar dun proxecto soberanista, que non quere dicir sempre independentista. As sentenzas do Tribunal Constitucional (outro árbitro caseiro que asubía sempre a prol do Goberno do Estado fronte aos Gobiernos e Parlamentos autonómicos) de 2010 contra o Estatuto catalán e do 2018, declarando constitucional o 155 aplicado o 27-0 de 2017 en Catalunya na práctica teñen rachado co pacto constitucional no eido territorial, Hoxendía o dereito de autonomía das nacionalidades do artigo 2 da Constitución é un dereito máis limitado ca nunca.

Finalmente, como ve a Feijóo liderando ao PP español?

Feijóo, como xa teño escrito,

"Feijóo, como xa teño escrito, traballa sempre no límite do cinismo político"

traballa sempre no límite do cinismo político. É o campión europeo e seica mundial de lle botar a culpa aos demais e de lle facer oposición á oposición e constitúe o voceiro máis irevogábelmente subordinado ao "deep state" que éste podería atopar para xestionar intereses e gobernanzas. A súa aperta do 18 de abril de 2009 co Presidente de Iberdrola na Praza do Obradoiro, canda a súa asunción do cargo de Presidente de Galicia constitúe o seu programa político...que manden os poderosos, a grande empresa española, os lobbies bancario, de distribución eléctrica e concesionario-construtor. Velaí o seu proxecto para o Estado.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnez. – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño.

PAIS BASCO: Nicolás Xamardo. **CANARIAS:** Fco. Puñal.

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

EIXOATLÁNTICO
XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALIACIA

A era das 'autocracias': gobernan máis do 70% da poboación mundial

Segundo o Informe 2022 do Instituto de Investigación V-Dem da Universidade de Gotemburgo

Baixo o nome "O cambio de natureza da Autocratización", o Instituto de Investigación V-Dem da Universidade de Gotemburgo (Suecia) vén de publicar o seu Informe sobre a Democracia 2022 onde traza un panorama desolador: un notorio declive global da cidadanía no relativo ao apoio á democracia liberal, descendendo a niveis de 1989.

Segundo o informe de V-Dem, máis do 70% da poboación mundial (5.400 millóns de persoas) vive baixo ditaduras ou réximes 'autocratizantes', concibidos estes como aqueles que desprezan os mecanismos de equilibrio dos poderes públicos e a pluralidade política. Lonxe de aumentar, a mobilización democrática e popular mantense en niveis baixos.

O informe alerta de que "o mundo enfróntase a unha guerra en Europa, a un aumento das tensións na rexión de Asia Oriental e o Pacífico, a un retorno dos golpes militares e doutro tipo, e a novas cotas de polarización en moitas sociedades. Os últimos 30 anos de avances democráticos foron erradicados".

Europa non escapa

O aumento das tendencias 'autocratizantes' tamén se observa en Europa: a vaga da autocratización achégase ao 20% dos membros da Unión Europea (UE)

Seis dos 27 estados membros da UE (Hungría, Polonia, República Checa, Eslovenia, Croacia e Grecia) están inmersos en procesos de 'autocratización', toda vez contan cun aumento de apoio popular a estas tendencias que medran en

atmosferas de crecente polarización, tal e como se observa nos últimos dez anos.

As democracias liberais alcanzaron o seu punto máximo en 2012 con 42 países e agora están nos niveis máis baixos en máis de 25 anos: 34 nacións que albergan só o 13% da poboación mundial. O declive democrático é especialmente evidente en Asia-Pacífico, Europa do Leste e Asia Central, así como en partes de América Latina e o Caribe.

Autocracia electoral, golpes de Estado e polarización

O crecente número de autocracias de corte ditatorial ou "pechadas" pasou de 25 a 30 países correspondendo ao 26% da poboación mundial. Pero tamén se observan aspectos cambiantes na natureza da autocratización.

A autocracia electoral segue sendo o tipo de réxime máis común e alberga ao 44% da poboación mundial, é dicir, 3.400 mi-



llóns de persoas. Un récord de 35 países sufriron deterioracións significativas na liberdade de expresión a mans dos gobernos.

Aumenta tamén a polarización. O respecto ao compoñente deliberativo da democracia empeorou en máis de 32 países, toda vez a polarización aumenta ata niveis tóxicos en 40 países. Os gobernos autocráticos utilizan cada vez máis a desinformación para mol-

dear a opinión nacional e internacional ao seu favor.

Tamén observamos a persistencia dos golpes de Estado, con cinco golpes militares e 1 autogolpe en 2021, marcando así un récord no século XXI: unha media de 1,2 golpes de estado por ano. Os golpes deron lugar a 4 novas autocracias pechadas: Chad, Guinea, Malí e Myanmar. Unha onda de polarización.

O 2021 chegou cun número récord de nacións que se autocratizan nos últimos 50 anos: 33 países que albergan ao 36% da poboación mundial, 2.800 millóns de persoas. Os principais países con tendencias autocratizantes son Brasil, Hungría, India, Polonia, Serbia e Turquía.

O aumento dos niveis de mobilización a favor da autocracia pode indicar que os líderes autocratizadores están a adoptar medidas máis audaces para demostrar a súa lexitimidade.

O proxecto "Historias de ida e volta" documenta a emigración de mariñeiros aresáns a Cuba

A entrega de novembro do especial "Historias de ida e volta", un proxecto web realizado polo Arquivo de Emigración do Consello da Cultura Galega (CCG) co apoio da Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia, documenta, nesta ocasión, a emigración de mariñeiros aresáns a Cuba.

Desde mediados do século XXI, pescadores e mariñeiros da ría de Ares asentáronse en Cuba, onde traballaron na frota pesqueira, no transporte de mercadorías e pasaxeiros, nos estaleiros ou en empresas subsidiarias do naval. Neste tempo, conseguiron dominar o sector da pesca na baía da Habana e mesmo no Golfo de México pero tamén outras actividades relacionadas co comercio, a hostalaría ou a explotación do carbón.

As cadeas migratorias foron o principal factor que posibilitou a emigración masiva das e dos naturais de Ares á illa de Cuba, xa que, unha vez instalados no país e convertidos en propietarios de barcos ou de pequenos negocios, os emigrantes aresáns chamaban por outros familiares e coñecidos.

O caso do viveiro Josefa do Chao, que se atopa entre os materiais que recolle esta nova entrega do especial é un exemplo desta realidade. Propiedade do emigrado Manuel Suárez Casteleiro, a maioría da tripulación deste e doutros barcos de pesca que pertencían ao empresario galego estaba formada por aresáns que se trasladaran a Cuba.

Alén do traballo que desempeñaban, estes emigrantes parti-



ciparon activamente na creación de sociedades de ámbito local en Cuba, creadas con finalidades instrutivas e benéficas para promover a educación e o progreso nos seus concellos e parroquias de orixe.

A Alianza Aresana de Instruc-

ción, fundada en 1904, foi a pioneira deste tipo de sociedades, a partir de cuxo modelo comezaron a agromar outras ao longo de Cuba e Arxentina. A súa acta de constitución, a escritura de compra dun solar para construír un centro escolar na vila de Ares e unha

imaxe do propio edificio constitúen algúns dos materiais que se poden consultar no especial Ares en Cuba: unha emigración mariñeira.

A entrega complementase con documentos que dan mostra doutro tipo de negocios emprendidos polos emigrantes galegos na Habana, como a ferraxería dos aresáns Casteleiro e Vizoso ou o restaurante El Escorial, ou que amosan as tarefas de explotación e transporte do carbón. Pecha o especial unha imaxe dunha das casas indianas que se conservan na vila mariñeira de Ares, exemplo do tipo de construcións que levantaron os emigrantes da zona para vivir ou para pasar tempadas tras o seu regreso a Galicia e que constituían un símbolo do seu ascenso económico e social.

Opinión

Caderno da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Castelao, primeiro Presidente de Galicia

O vindeiro 15-N cúmprense 78 anos da constitución en Montevideo do Consello de Galiza, integrado polos catro deputados galegos eleitos nas derradeiras eleccións republicanas que, por residir na Sudamérica, desfrutaban de liberdade de acción: Alfonso R. Castelao, Elpidio Villaverde, Antón Alonso Ríos e Ramón Suárez Picallo. O 28 de xuño de 1936 a cidadanía galega aprobou o seu Estatuto de Autonomía, cunha grandísima maioría, mais a rebelión militar e fascista do 18 de xullo impediu que o mesmo fose aprobado nas Cortes. Xa que logo Galicia non constituíra aínda as súas institucións

autonómicas, mais si exercera inequívocamente o seu dereito a decidir. Velaí que fose ben decidido (ademais dunha xenialidade política de Castelao, seica suxerida polo lehendakari Agirre) que os seus representantes parlamentarios constituísen ese Consello de Galiza, como representante fideicomisario da dupla vontade do pobo galego: a electoral expresada en febreiro de 1936 e a estatuínte, expresada plebiscitariamente en xuño de 1936.

Castelao foi elixido Presidente do Consello e investido de poderes plenos para a negociación cos Gobiernos vasco e catalán no exilio dunha acción política

común, no seo de Galeusca. Das resultas deste labor Castelao fixo parte como ministro do Goberno republicano no exilio de José Giral (abril 1946-marzo 1947), con sede en París. Un Goberno que recibiu importante axuda económica e política do goberno francés, que chegou pechar a fronteira co Estado español e debater unha acción armada que fose quen de restablecer a democracia republicana no Estado español. Mais Castelao non se integrou no Goberno republicano como home de partido, senón como representante do noso País, nomeado para o efecto polo Consello de Galiza.

Como resultado deste proceso a Constitución española de 1978 recoñeceu un acceso privilexiado á autonomía para as nacionalidades que plebiscitaran no pasado cadanseus Estatutos (Galicia, Euskadi e Catalunya), negociando cadanseu Estatuto

dun xeito paccionado entre os parlamentarios galegos e os representantes da Comisión Constitucional do Congreso. No noso Estatuto, aprobado no 1981, proclámase Galicia como nacionalidade que se constitúe en Comunidade Autónoma para acceder ao seu autogoberno. É dicir, recoñécese a preexistencia nacional, histórica e política, da Galicia, a respecto da Constitución e do Estatuto.

Como depositario da vontade autonómica e electoral da cidadanía galega, tendo en conta os longos anos de interrupción democrática, longa noite de pedra e goberno franquista de feito, o Consello de Galiza foi o lexítimo representante do noso País. Xa que logo, é aquelado dicir que o seu Presidente Castelao foi o primeiro Presidente da Galicia.



Descriminalizarmos a protesta

O Congreso aprobou ter en consideración unha proposición de lei orgánica que reformará o Código Penal (CP) suprimindo os delitos de sedición e modificando o réxime dos delitos de desordes públicas. Tamén modificará o réxime dos delitos de calote (estafa), desfalco (apropiación indebida), falsidades e administración desleal para incorporar os conceptos comúns europeos na incriminación do uso fraudulento de cheques de viaxe e cartóns de crédito e adebedamento.

Xa dixemos hai poucas semanas nestas páxinas que a derogación dos delitos de sedición era obrigada á vista do Dereito penal comparado dos demais Estados da Unión Europea e USA, que descoñecen a sanción penal de condutas políticas non



violentas nin intimidatorias, mesmo as incompatíbeis coa legalidade constitucional. Esta derogación suporá a imposibilidade de seguir a reclamar xudicialmente

por este delito (si por malversación impropia- que é a que non se fai no proveito de seu- de diñeiro público) a Carles Puigdemont e aos seus conselleiros e conselleira Toni Comín, Clara Ponsatí e Lluís Puig. Porque de ningún xeito pódese tipificar a súa conduta constitutiva de desordes públicas nin doutros delitos alternativos. Xa que logo, a "boutade" do Goberno de Pedro Sánchez fachendeando de que esta reforma habería traer Puigdemont perante a xurisdición española cualificase por si propia e non fai máis que afortalar a estratexia procesual do xironés e dos seus conselleiros e conselleira perante os Tribunais europeos de Luxembourg (UE) e de Dereitos Humanos en Strasbourg.

Agora ben, a reforma dos delitos de desordes públicas mantén un artigo no CP que segue a punir condutas non violentas

nin intimidatorias como delitos de desorde pública, cando un grupo de persoas ocupe sen permiso do seu titular locais, escritorios ou oficinas públicas ou privadas, mesmo as que estiver abertas ao público na altura. Trátase de condutas que non haberían constituír delitos, agás que se dean quer o elemento de violencia (vis absoluta) ou o de intimidación (vis intimidatoria).

Sen dúbida a maioría da investidura, que quitou adiante esta proposta no seu debate limiar, habería suprimir este delito residual de desordes públicas sen violencia, como tamén facer cumprir a este Goberno as súas promesas incumpridas na derogación da chamada lei mordaza e máis dunha pena incompatíbel coas finalidades constitucionais de rehabilitación, como é a prisión permanente revisábel. Pena que constitúe a máxima expresión dun populismo punitivo que sobrancea na dereita española e comeza sobrancear en amplos sectores da esquerda española.

Efectos políticos do Nunca Máis

Este novembro estanse a cumprir os vinte anos da crise ecolóxica e política xerada polo varado e posterior afundimento do petroleiro Prestige. Unha crise nomeadamente sinalada pola incompetencia técnica do Goberno do Estado e pola súa comunicación falsa e mentireira. Naquela segunda metade de novembro e nos primeiros de decembro de 2002 centos de milleiros decatáronse que a costa galega, máis tamén a propia cidadanía galega, ficaban á intemperie (na moi aquela expresión de Suso de Toro).

Esta mesma análise chegou ao cerne do Goberno galego. Fronte á submisión ao

falso relato do Goberno de Madrid do conselleiro de mar Henrique López Veiga, o conselleiro Xosé Cuíña convenceu ao presidente Manuel Fraga para asumir unha xestión autónoma da crise, dende a evidencia da ineficacia e incompetencia estatais. Fraga decidiu entón nomear Cuíña como vicepresidente da Xunta e conselleiro de Medio Ambiente. Mais a contorna de José María Aznar, consciente de que esta decisión definía de vez o PPdeG como un partido que decidiría dende a Galicia, filtrou informacións que acusaban ao político de Lalín de se aproveitar da crise para vender material dende unha das empresas partici-

padas polo seu grupo. A acusación era falsa, pois que tres auditorías certificaron que a venda facíase a prezo de custo, mentres a familia Cuíña doaba contedores por valor de case 100.000 €. Mais abondou para botar fóra do Goberno galego a Cuíña e orientar a sucesión de Manuel Fraga cara á solución centralista do birrete de Romay Beccaria e Núñez Feijóo.

A crise foi determinante para a derrota electoral do PPdeG fronte ao PSdeG e BNG nas nacionais da primavera de 2005, que deron na formación do Goberno de coalición que rexeu Galicia até a primavera de 2009. E serviu tamén para afondar na conciencia ecolóxica e de País de moi amplos sectores da cidadanía galega. O conxunto da sociedade galega sentiu os danos da Costa da Morte e o risco para a riqueza da ría de Arousa

como cuestións comúns. A demostración en Compostela do 1-D de 2002 amosou un consenso na diagnose e nalgúnhas das solucións, moi ben resumido naquel memorábel discurso do Obradoiro do noso Manolo Rivas: afastar o corredor atlántico usado polos petroleiros, defender a Terra e xubilar aos políticos mentiráns do momento.

Visto dende a perspectiva dos galegos e galegas da miña xeración (até entón ben máis pendentes dos obxectivos persoais a respecto das xeracións nadas nos anos 50 e primeiros dos 60, máis comprometidas no social e político), a crise do Prestige supuxo tamén para non poucas persoas unha clara repolitización e un meirande achegamento-dende a praxe moito máis ca dende a doutrina- á liña de mensaxe e á cosmovisión do galeguismo político.

Por Roberto Mansilla Blanco

Xa somos 8.000 millóns

O pasado 15 de novembro, a ONU anunciou un fito histórico: xa somos 8.000 millóns de habitantes no planeta. Pasaron así pouco máis de once anos para superar a cifra de 7.000 millóns. As previsións demográficas engaden outros 2.400 millóns de habitantes para o 2080, momento no que a poboación mundial comezará a descender.

Se observamos o mapa demográfico global, o foco céntrase obviamente en China (1.452 millóns) e moi perto a India (máis de 1.413 millóns) Pero no 'top 10' temos tamén a EE.UU (335.700 millóns), Indonesia (280 millóns), Brasil (216), Paquistán (231), Nixeria (219) e Bangladesh (168) Asia, chamada a ser o poder xeopolítico e xoeconómico deste século XXI, tamén o é claramente no eido demográfico con cinco países liderando a lista dos máis poboados.

"O factor demográfico e a estrutura poboacional son imprescindibles para medir os niveis de desenvolvemento socioeconómico dun país"

O factor demográfico e a estrutura poboacional son imprescindibles para medir os niveis de desenvolvemento socioeco-



nómico dun país. O énfase ponse en datos sociais e sanitarios como a pobreza, a fecundidade, a migración ou amortabilidade pero tamén económicos como o PBI per cápita e os sectores produtivos (agricultura, industria, servizos). Non é casualidade, por tanto, que as principais potencias económicas (EE.UU, China) e emerxentes (India, Indonesia, Brasil) lideren tamén os índices demográficos globais. O nivel de industrialización e de modernización económica tamén ven medido polos índices poboacionais do respectivo país, no sentido que permite definir a súa capacidade de recursos humanos.

E que pasa con España en termos de-

mográficos? Augurios grises para este século XXI. Paralela á información da ONU fíxose pública unha investigación do Observatorio Demográfico CEU San Pablo que advirte dun "panorama demográfico lúgubre" para as próximas décadas en España. Será así nos vindeiros 50 anos un país "máis envellecido, cun gran número de persoas solitarias e multicultural".

Segundo este estudo, para 2072, a poboación española será de 31,2 millóns de habitantes (actualmente o é de 47 millóns) dos que "21 millóns serán poboación inmigrante ou fillos desta nados en España". De acordo a datos dos Instituto Nacional de Estadística (INE) de decembro de 2021, a poboación española reduciuse en 72.000 persoas. Por outra banda, a investigación augura "unha maior resistencia futura da sociedade española a aumentar o seu grao de multiculturalidade" toda vez este estudo

"Unha investigación advirte dun 'panorama demográfico lúgubre' para as próximas décadas en España"

dubida que a chegada de inmigrantes logre frear os índices de caída da natalidade.

O estudo da CEU afirma que en Comunidades Autónomas como Castela e León, Galicia, Asturias e Extremadura, a porcentaxe de poboación maior de 65 anos superará o 30%. Cualifica tamén á soledade como unha "auténtica pandemia" para a sociedade

española: para 2037, seis millóns de españois vivirán sós. A pesares dos avances médicos, o estudo reflicte unha redución do ritmo de crecemento de esperanza de vida, que será do 0,87 anos por década. Como repercute isto no gasto social en materia de pensións e sanidade, por tomar algúns exemplos, é un reto que tamén ten que ser político.

E isto tamén repercute no medio rural. Tomemos por exemplo o caso da plataforma España Vaciada, recentemente constituída en Federación con candidaturas para futuras convocatorias electorais. España Vaciada é unha advertencia do despoboamento do rural ibérico, inquietude que seguramente fai causa común coas previsións demográficas e tamén económicas emanadas da investigación da CEU.

Na miña reflexión de novembro interrogaba sobre se España está preparada para o cambio tecnolóxico dixital que está cambiando as nosas vidas. A pregunta repítese agora en plano demográfico: existe planificación oficial para paliar o declive da natalidade e os seus efectos dentro da pirámide poboacional española para as próximas décadas? Son conscientes os partidos políticos, as elites de poder, as empresas, as institucións, a opinión pública, entre outros, sobre as consecuencias deste "lúgubre panorama" demográfico?



Ana Miranda, vicepresidenta do Intergrupo de Apoio ao Sáhara Occidental

A eurodeputada do BNG, Ana Miranda, vén de ser nomeada vicepresidenta do Intergrupo do Parlamento Europeo de Apoio ao Sáhara Occidental, en representación do grupo Verdes-ALE, do que forma parte o Bloque. "Queremos amosar todo o noso apoio ao pobo saharauí, desenvolver novas iniciativas e denunciar o cambio de postura do goberno español", subliñou Miranda.

Avanzou que o BNG seguirá impulsando iniciativas de apoio as reclamacións do pobo saharauí anunciando a súa participación na Conferencia de Apoio ao Pobo Saharauí (EUCOCO), que se celebrará en Berlín. A EUCOCO é a cita anual máis importante do movemento de solidariedade europeo co Pobo Saharauí na que



participan delegacións de todo o mundo.

Ademais, en febreiro de 2023 celebrarase unha Conferencia de Xuristas e o Intergrupo agarda a sentenza europea que, segundo o esperado, dará a razón ao

Fronte Polisario. Por outro lado, o Intergrupo tamén seguirá denunciando ás ilegalidades cometidas por Marrocos contra o pobo saharauí desde hai máis de 45 anos, así como o consentimento do Estado español.

A UE acusa a Deutsche Bank e Rabobank de violar as normas antimonopolio

Manipulando o mercado de débeda pública entre 2005 e 2016

A Comisión Europea acusa á alemá Deutsche Bank e á holandesa Rabobank de infrinxir as normas antimonopolio da UE entre 2005 e 2016 ao confabularse para distorsionar a competencia cando comerciaban con títulos soberanos. Estes bancos intercambiaron información comercial confidencial e coordinaron as súas estratexias de fixación de prezos ao negociar estes bonos no mercado secundario do Espazo Económico Europeo (EEE)

Os bonos son títulos de débeda que pagan unha taxa de interese definida, que permiten

ás entidades obter financiamento nos mercados internacionais, e que posteriormente se manteñen como investimentos ou se negocian como calquera outro instrumento financeiro.

Estes bonos emitíronse en resposta á crise financeira de 2008 e por un período de tempo limitado. En 2018 Bruxelas xa abriu unha investigación a Bank of America Merrill Lynch, Crédit Agricole, Credit Suisse e Deutsche Bank por algo parecido. En abril de 2021 concluíu que participaron en prácticas anticompetitivas e fixou unha multa de 28,5 millóns. Pero desafortunadamente o banco alemán porque foi o que colaborou co Executivo comunitario da existencia do cartel.

A UDC recibirá 90.000€ para actividades culturais e científicas

A Deputación da Coruña destinará un total de 90.000 euros para financiar a programación cultural e de divulgación do coñecemento científico da Universidade da Coruña no 2022.

O presidente do ente provincial, Valentín González Formoso, asinou un convenio de colaboración co reitor da UDC, Julio Abalde Alonso, que contempla diferentes liñas de actuación prioritarias na difusión da cultura



na provincia.

O orzamento total ascende a 112.500 euros, un montante do

que a Deputación achega o 80%. Entre as actividades destacan a cuarta edición dos Premios Isabel Zendal; a First Lego League 2022, un programa de ámbito internacional que desafia á mocidade a resolver problemas do mundo real como a reciclaxe, a educación ou as enerxías renovables a través da ciencia e da enerxía; aulas de teatro e danza, recuperadas neste 2022; a residencia de creadores emerxentes "Interaccións Artísticas en Galicia", entre outros.

Deputación da Coruña aproba o seu Orzamento 2023

A Deputación da Coruña presentou os Orzamentos 2023, que ascenderán a 207.198.000 euros, un 9,4% máis que o presente exercicio e manteñen a situación de "débeda cero" dos últimos oito anos sendo "os máis altos da historia da Deputación", segundo afirmou o seu presidente Valentín González Formoso.

Nestas partidas orzamentarias destacan o Plan de Emprego Local (PEL) que incrementa un 4%, ata os 12.900.000 euros, reforzando programas como o PEL-Autónomos, o PEL-Pemes e PEL-Emprende. Na área de Benestar Social, o Goberno provincial incrementou o investimento nun 7,6% para atender as necesidades que emerxeron



coa pandemia e a guerra de Ucraína.

Finalmente, Formoso destacou os 578 millóns investidos a través do Plan Único nos 93 concellos coruñeses desde a súa creación en 2017, o que supón multiplicar por cinco os fondos destinados

aos concellos polo antigo Plan de Obras e Servizos (POS), permitindo a "aprobación de máis de 3.000 obras que melloran as infraestruturas e servizos dos concellos". Para os Orzamentos 2023 este Plan terá unha partida de 47 millóns de euros.

Premios do Certame "Cartas do verán"

A alcaldesa da Coruña, Inés Rey, entregoulles os agasallos ás 42 nenas e nenos que tomaron parte na primeira edición do certame 'Cartas de verán', unha iniciativa posta en marcha polo Concello a través do Servizo de Normalización Lingüística e que, durante a tempada estival, promoveu a escrita en lingua galega entre a cativada de ata 12 anos.

O concurso, aberto por primeira vez durante o pasado mes de agosto, recupera o antigo costume de escribir e recibir cartas ou tarxetas postais, un formato orientado a que a rapazada amose o seu talento e creatividade en galego, incidindo nas súas vivencias durante as vacacións de verán.



Posta en valor do Camiño Inglés



A Deputación da Coruña destina 342.414,54 euros para financiar un proxecto da Asociación de Concellos do Camiño Inglés para realizar actuacións de mellora, sinalización e posta en valor do Camiño Inglés no itinerario Xacobeo.

O presidente da Deputación, Valentín González Formoso, e o presidente da Asociación de Con-

cellos do Camiño Inglés, asinaron o convenio de colaboración polo que a Deputación destinará 342.414,54 euros para sufragar o 72,37% do orzamento total deste proxecto, que ascende a 473.131,80 euros. Os Concellos beneficiados son Ferrol, Neda, Fene, Cabanas, Miño, Paderne, Abegondo, Mesía, Ordes, Oroso, Santiago de Compostela, A Coruña, Carral, Betanzos, Narón e Pontedeume.

"Menú Stelar" para o Camiño Inglés



As instalacións do Pazo de Mariñán (Bergondo) acolleron a primeira sesión do "Curso de formación en Restauración", unha iniciativa gratuita organizada pola Asociación de Municipios do Camiño Inglés e a Deputación da Coruña que está dirixida a tódolos establecementos da Rede Stelar que dan servizo de comida aos peregrinos.

A formación está sendo impartida por Lolo Mosteiro e Paula

Martínez, propietarios dun dos trinta restaurantes da Rede Stelar: "A Artesa da Moza Crecha" (Betanzos).

A Asociación de Municipios do Camiño Inglés está constituída por 16 Concellos polos que percorre a ruta xacobeá: A Coruña, Abegondo, Betanzos, Cabanas, Carral, Fene, Ferrol, Mesía, Miño, Narón, Neda, Ordes, Oroso, Paderne, Pontedeume e Santiago de Compostela.

A ópera Loba branca do galego Brais González en Perugia

O Teatro Cucinelli di Solo-meo de Perugia foi o escenario este 7 de decembro da representación da ópera Loba branca (Lupa bianca), do compositor galego Brais Gon-

zález en Perugia (Italia). A ópera está baseada nunha lenda do Courel e xa se estreara en Italia o pasado agosto, grazas aos esforzos do Centro de Estudos Galegos da Universidade de Perugia

A Coruña será a sede da AESIA

O Goberno de España, a través da súa voceira Isabel Rodríguez e logo da celebración dun Consello de Ministros e Ministras, deu a coñecer a elección unánime da Coruña como sede para albergar a Agencia Española de Supervisión e Inteligencia Artificial (AESIA) por riba doutras 16 cidades españolas. O goberno español destacou a

importancia do tecido universitario, económico e empresarial da cidade como elementos clave para a elección da Coruña, cuxos apoios foron acadados por 90 votos de empresas, institucións e outras entidades.

Tamén valorouse moi positivamente o impulso á Eurorexión Galicia-Norte de Portugal, permitindo a creación dun hub de

talento ibérico para atraer e reter talento investigador, e a posibilidade de despregar proxectos previstos no Proxecto Estratégico (PERTE) da "Nova economía da lingua" co que se potencia o español e as linguas cooficiais como factores de crecemento e competitividade a través dun ecosistema de innovación e intelixencia artificial.



35º aniversario dos Premios Prismas

Alcaldesa da Coruña, Inés Rey, fixo entrega dos XXXV Premios Prismas concedidos polo Concello a través dos Museos Científicos destacando este ano diversos traballos e investigacións científica e de contido social e inclusivo.

O Prisma Especial do Xurado foi para o investigador Enrique Pérez Montero, do Instituto Astrofísico de Andalucía do Consello Superior de Investigacións Científicas (IAA-CSIC) polo seu traballo para achegar a ciencia ás persoas con discapacidade visual e facer reflexionar ao conxunto da sociedade.

O certame, convocado polo Concello da Coruña, a través dos Museos Científicos, premiou cun Prisma de Bronce os mellores traballos en sete categorías: Vídeo, Novos medios, Libro editado, Artigo xornalístico, Radio, Proxectos singulares e Prisma Es-



pecial do xurado. Ademais, todas as modalidades, excepto a de Libro editado e a de Prisma especial do xurado, recibiron un premio de 4.000 euros.

Presidiu o xurado Pampa García Molina, xornalista científica, coordinadora do Science Media Centre España; e integrado por María Viña Rebolledo, xefa de sección técnica do MUNCYT (Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía); Núria Jar Benabarre, xornalista

científica; Isidora Fernández Bañados, especialista en compromiso científico en Science for Change; Félix Sánchez-Tembleque Díaz-Pache, técnico superior no CITEEC- Universidade da Coruña; e Iván Rodríguez Arós, artista especializado en divulgación científica en Divulgare-Universidade de Vigo; actuando como secretario Marcos Pérez Maldonado, xefe de servizo dos Museos Científicos Coruñeses.

Foro de consumo e hábitos saudables

Recoñecidos especialistas no eido do consumo, a nutrición, a alimentación e a divulgación científica tomaron parte no 'Foro de Comercio de Proximidade, Consumo Responsable, Alimentación e Hábitos Saudables', unha iniciativa promovida polo Concello da Coruña que tivo lugar no Paraninfo da Universidade da Coruña (UDC).

A doutora en bioquímica Griselda Herrero, a dietista-nutricionista Adriana Fernández, o investigador e tecnólogo alimentario Aitor Sánchez, a divulgadora científica Deborah García, e a dietista especializada en nutrición ma-



terno-infantil Aroa Arias, foron os protagonistas dunha xornada orientada ao debate e interacción co público asistente, e na que se puxeron sobre a mesa cuestións como a incidencia dos hábitos saudables na calidade de vida

da cidadanía, así como a relevancia específica dos cuidados da nutrición entre a rapazada, en idades temperás. Tamén estivo presente a concelleira de Comercio, Mercados, Consumo e Barrios, Diana Sobral.

O Reino de Galicia en Culturgal

O Reino Medieval de Galicia estivo presente en Culturgal da man da Deputación da Coruña, cun stand propio dedicado a difundir e socializar o Reino de Galicia tanto a través de materiais gráficos divulgativos creados ad hoc para esta ocasión, como amosando o resultado de varios dos proxectos premiados na convocatoria do

'Fondo de proxectos culturais Reino de Galicia 2021-22'.

A Deputación tamén participou con actividade propia no certame 'Quero Cantar' e na presentación da obra "Que se me pare o corazón se te esquezo", gañadora do premio Raíña Lupa, da man da autora Andrea Maceiras e da comisaria dos premios literarios da Deputación, Susana Pedreira.

Exposición sobre o Prestige na UDC

A biblioteca da Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña inaugurou o 22 de novembro a exposición bibliográfica Vinte anos do Prestige: artes contra a marea negra, iniciativa organizada polo alumnado da materia de Poesía en Lingua Galega e Portuguesa da mesma facultade.

O alumnado organizou esta exposición en cinco seccións: Crónica e análise política, Impacto

ecolóxico, Libros de fotografía, Libros de creación e Libros de poesía. O público asistente á exposición e ás visitas guiadas poderá ler tanto nos libros como nos paneis textos representativos asociados ao suceso histórico.

O obxectivo da exposición pretende volver dar voz e visibilidade ao movemento Nunca Máis, bandeira de unión do pobo galego contra o silencio e o inmovilismo dos dirixentes políticos.

A RAG e a Fundación Barrié poñen en marcha a Palabra do Ano 2022

A Real Academia Galega e a Fundación Barrié abriron un ano máis á participación cidadá a escolla da voz dos últimos doce meses a través do Portal das Palabras, o proxecto que impulsan para a difusión do léxico galego. A fase de recolla de suxestións permanecerá aberta ata o domingo 11 de decembro e posteriormente todas as persoas que o desexen poderán participar na votación popular do martes 13 ao domingo 25

de decembro.

O Portal das Palabras é o proxecto que dende 2014 impulsan a RAG e a Fundación Barrié para a modernización do traballo lexicográfico e a divulgación da nosa lingua. Nas edicións anteriores foron elixidas tanxugueiras (2021), nós (2020), sentidiño (2019) de-seucalíptizació (2018), afouteza (2017), irmandade (2016) —coincidindo co centenario das Irmandades da Fala—, refuxiado, -a (2015) e corrupción (2014).

Desautorizan a Gómez Reino para falar do futuro de Podemos Galicia

Mediante un comunicado, a agrupación Rexurdir Podemos Galicia contestou as recentes declaracións emitidas polo ex Coordinador de Podemos Galicia, Antón Gómez Reino na que unía o futuro de Podemos Galicia ao proxecto Sumar impulsado pola actual ministra de Traballo e Vicepresidenta Segunda, Yolanda Díaz.

Este comunicado alegou que, debido a súa situación de interinidad, Gómez Reino está "deslexitimado para realizar ningunha manifestación pública en nome de Podemos e máis aínda en momentos en que persiste a in-

definición do proxecto Sumar". Nunha recente declaración, Gómez Reino chamaba á militancia de Podemos Galicia á realización dunha Asemblea Cidadá Autónoma. Non obstante, Rexurdir Podemos Galicia expresaba o malestar "de "moita/os militantes de Podemos en Galicia" ao sentirse "defraudada/os e ninguneada/os pola actual dirección de Anton Gómez Reino" ante "a deixadez de funcións", da súa ausencia prolongada da nosa Comunidade Autónoma, así como da "imposición de criterios persoais por riba do ben do partido".

Explicouse igualmente que Re-

xurdir Podemos Galicia "é unha plataforma de militantes de Podemos Galicia" que presentará "unha lista alternativa sobre a súa nova dirección ante esta Asemblea". Actualmente "existen 65 Círculos oficialmente activados en Galicia" dos que "49 presentaron candidatos, 28 delas cunha soa persoa". Así e todo, "centrándonos nas 8 grandes cidades galegas, vemos que apenas se completa unha listaxe coa marca Podemos".

Este comunicado aclarou tamén que a actual voceira de Podemos Galicia é Verónica Hermida e non Isabel Faraldo, membro do partido con experiencia.

O PSdeG pon o rumbo cara as municipais 2023

O secretario de Organización do PSdeG-PSOE, José Manuel Lage Tuñas, anunciou a apertura do proceso de elaboración das candidaturas municipais coas que se fixa o obxectivo de gobernar a máis da metade da poboación de Galicia. Destacou a "boa xestión" dos socialistas nas 110 alcaldías e as tres presidencias das deputacións que ostenta gobernando para case que o 55% da poboación galega.

Lage Tuñas tamén puxo en valor a recuperación para a primeira liña de Francisco Rodríguez para a candidatura do Concello de Ourense tralo arquivo dun procedemento xudicial na súa contra que cualificou de "inxusto".

O PSdeG traballa para confeccionar as súas listas, a ratificar antes do 15 de xaneiro a todos os candidatos nas localidades de máis de 20.000 habitantes, e para ratificar o resto antes do 25 de marzo.

Máis de 3 millóns de luces de Nadal iluminan A Coruña

Alcaldesa, Inés Rey, presidiu o acto de acendido das luces polas Festas de Nadal, unha celebración que deu comezo, de forma oficial, ao comezo da programación de actividades previstas para estas datas festivas, con 37 días seguidos de festividades en todos os barrios.

Deste xeito, o Concello instalou máis de tres millóns de puntos de luz led entre todos os barrios coruñeses. Durante o acendido das luces actuou tamén o Mago Román. Rey, acompañada polo actor Suso Martínez como



mestre de cerimonias, foi a encargada de escoller, ao azar, os debuxos das pequenas e pequenos agraciados, que accionaron o interruptor de acendido das luces para inaugurar, oficialmente, o Nadal 2022-23 na cidade.

A eurodeputada do BNG, Ana Miranda, defendeu no Parlamento Europeo a igualdade de tratamento entre o Corredor Atlántico e o Mediterráneo, que ao seu xuízo implica un aumento dos investimentos no Corredor Atlántico. "Tentar eliminar un en detrimento só implica defender a discriminación dos territorios, neste caso do Noroeste Peninsular", sinalou na Eurocámara.

Miranda salientou que a inclusión de Galicia no Corredor Atlántico implica tamén loitar contra o despoboamento, fortalecer a economía do noroeste peninsular e mellorar as infraestruturas. Apuntou que non se trata só dun-



ha reivindicación de Galiza, senón que tamén é unha demanda de Castela León e o Norte de Portugal, que igualmente consideran o Corredor Atlántico como unha infraestrutura estratéxica para o desenvolvemento dos territorios.

 **MIRANDA**
LIBRERÍA

en BUEU, onde ía ser?

www.libreriamiranda.gal

 **PÉREZ - LEMA**
Avogados e consultores

Moitos azos e o mellor asesoramento legal para esta nova xeira.

www.xoanantonperezlema.com

881 964 020

Rúa Santiago Rey Fernández Latorre, nº 57, 7º (edificio Apolo 2)
Esquina Ramón y Cajal - Fronte ao Corte Inglés, 15006 A Coruña



Redacción LUGO

Protocolo de creación da Rede de Cruceiros Costeiros e Fluviais

A directora de Turismo de Galicia, Nava Castro e o delegado da Xunta en Lugo, Javier Arias, asistiron á sinatura do protocolo de creación da Rede de Cruceiros Costeiros e Fluviais dos Destinos Náuticos Sostibles de España, onde destacou a importancia do turismo náutico para a nosa comunidade.

Nava Castro destacou que a importancia de pór en marcha

este tipo de proxectos e a importancia de ampliar cada vez máis os cruceiros costeiros e fluviais, tendo en conta tamén os destinos náuticos sostibles.

“A día de hoxe, o que demandan os turistas son destinos en contacto coa natureza, sen aglomeracións e sostibles, algo que se atopa sen dúbida no turismo náutico. Por este motivo, dende Galicia celebramos o nacemento desta Rede de Cruceiros Costeiros e

Fluviais dos Destinos Náuticos Sostibles de España que se implantará en dez comunidades autónomas entre as que estamos incluídos”, precisou Nava Castro.

O proxecto da Rede de Cruceiros Costeiros e Fluviais dos Destinos Náuticos Sostibles de España implantarase en nove comunidades autónomas: Galicia, Estremadura, Castela e León, Aragón, País Vasco, Cataluña, Andalucía, Canarias, Baleares; e Ceuta, e será



A sinatura do protocolo realizouse en Doade (Sober).

liderado pola Asociación Galega de Actividades Náuticas (AGAN+) que leva desde 2016 desenvolvendo o concepto de cruceiros costeiros grazas a varios proxectos

européos de cooperación transfronteiriza con Portugal (POCTEP) e o Interreg Espazo Atlántico con Francia, Reino Unido, Irlanda e Portugal.

Xornada técnica sobre o porco celta

A Consellería do Medio Rural reafirma a súa colaboración coa Asociación de Criadores da Raza Porcina Celta (Asoporcel) no marco da súa aposta pola conservación das razas autóctonas de Galicia, segundo expresaron representantes do Goberno galego na IV Xornada Técnica Monográfica do Porco Celta celebrada no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo.

O delegado da Xunta, Javier Arias, participou no acto de inauguración da sesión, na que tamén entrevistou o xefe de servizo de Lugo do Fondo Galego de Garantía Agraria, José Manuel Ferreiro, cun relatorio sobre o deseño da nova PAC e as especificidades para o Porco Celta.

Outras materias que centraron a xornada foron a sanidade animal, con charlas sobre a incidencia da peste porcina africana na actualidade e outras enfermidades emergentes, ou as claves do manexo e



alimentación do porco celta.

Arias destacou que a Consellería do Medio Rural apoia o labor de Asoporcel na conservación e promoción da raza, e na mellora concreta das explotacións e das súas producións. Para este fin, ambas entidades asinan un convenio anual polo que o Goberno galego achega 160.000 euros. Ademais, a Consellería lanza anualmente unha liña de axudas específica para fomentar as razas autóctonas de Galicia, sendo o orzamento na convoca-

toria de 2022 dun total de 200.000 euros.

O delegado gabou o traballo que vén realizando Asoporcel xunto cos gandeiros e gandeiras asociados, que conseguiron que unha raza case extinta pasara a ser “unha das de maior proxección”. Ao respecto, lembrou que no último ano incorporáronse 17 novos produtores, a metade menores de 40 anos, “co que se está a revelar como un recurso importante para fixar poboación no rural e preservar os ecosistemas”.

A Xunta e Sober mellorarán o espazo público de San Xiao de Lobios

A Xunta e o Concello de Sober colaborarán para levar a cabo as obras de urbanización para a mellora e posta en valor do espazo público que conecta coa igrexa parroquial de San Xiao de Lobios. Cun investimento previsto de algo máis de

172.000 euros, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, e o rexedor municipal, Luís Fernández, asinaron o convenio de colaboración en virtude do cal a Xunta achegará o 70% do orzamento e o concello o 30% restante.

O proxecto prevé urbanizar e renovar o espazo público que leva á igrexa de San Xiao mediante a recuperación do campo da festa, a creación de catro prazas de aparcamento, a instalación de



Luís Fernández Guitián con Ángeles Vázquez.

mobiliario urbano e a habilitación dun paso de peóns sobre a estrada para conectalo coa capela. Ademais, na porta do adro da igrexa está previsto crear unha praza cun banco e iluminación.

Tamén se intervirá na contorna do cruceiro, onde se prevé introducir unha nova pavimentación, instalar unha luminaria e un banco, e no emprazamento dos contedores de lixo para introducir un elemento de madeira que diminúa o impacto visual.

Orixe

PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN

Diseño · Imprenta
Rotulación · Eventos

Francisco de Moure 20 • Ourense
988 60 70 75

www.orixepublicidade.es

MERCERÍA CRUZ

Rúa Dr. Marañón 1

Ourense

988 049 333

625 484 781

jba

servicios
inmobiliarios

info@jbainmobiliaria.com

988 10 20 75

www.jbainmobiliaria.com

ORO Y PLATA

+25 años a su servicio

Sto. Domingo 37, Entresuelo, Ourense
enfrente confitería

988 232 903

Redacción

Barbadás en Xantar por primeira vez

O Concello de Barbadás estivo presente por primeira vez en Xantar. A caseta turística ofreceu produtos artesanais: mel, marmeladas, cervexa, repostería, produtos de beleza, purés e cremas de verduras e hortalizas. No espazo ofreceuse información turística sobre o municipio a través da difusión dun díptico onde se poden coñecer as potencialidades: a zona natural do Pisco (Barbadás), o Bosque de Louredo (Santa Uxía), o Museo da Gaita de Fole e o Museo Etnográfico de Loiro.

Déronse a coñecer os produtos artesanais da empresa agroalimentaria Jofesa baixo a marca "Fit Fruit": cremas de cabaza, de verduras, de cenoria, de allo porro e de cabaciña. Tamén marmeladas cento por cento naturais: de ameixa vermella, de amorodo,



Stand do Concello de Barbadás.

gourmet tomate, extra de kiwi, de pexego, albaricoque, cereixa, e piña e mango. A cervexa A Esmorga e o Mel de Ousande e pole do mesmo produtor tamén estiveron presentes. Ademais, a Asociación Apícola de Galicia, expoñendo a súa gama de produtos de beleza elaborados a

base de mel "Bela Colmea". Estuvieron os finalistas do concurso de petiscos "Barbadás a bocados", Daytona. Tamén estiveron representados os establecementos Toffee Glass, tenda e Pastelería Alento. Visitou a caseta o equipo da Unión Deportiva Barbadás e os músicos de Nova Fronteira.

A Hidrográfica asinou convenio da EDAR de Nogueira de Ramuín



José Antonio Quiroga e Julio Temes.

O Concello de Nogueira de Ramuín e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil asinaron un convenio de colaboración, que permitirá realizar obra por valor de 125.000 euros no núcleo de Nogueira do municipio do que é alcalde Julio Temes. A Hidrográfica, que preside José Antonio Quiroga, achegará o 80% (100.000 euros) mentres que o Concello de Nogueira farase cargo do 20% restante (25.000 euros).

Iso será o que custe construír e poñer en marcha a nova Estación Depuradora de Augas Residuais, EDAR, así como un colector. Segundo o organismo de conca, actualmente Nogueira dispón dunha fosa prefabricada de dous módulos que se achan en "moi mal estado". Atópanse, ademais, moi próximos ao núcleo urbano de Luíntra, ao que chegan fortes cheiros, sobre todo no verán, e contínuas verteduras non autorizadas en épocas de choivas.

Presentación do novo número da revista A Bugalla

No Pereiro de Aguiar presentouse un novo número da revista A Bugalla que comezara no ano 2014 José Antonio Viñas, fundador de Queixume dos Pinos a quen rendeuse unha homenaxe póstuma. "A vida levounos antes de tempo a unha persoa que fixo da defensa da nosa tradición e cultura unha forma de vida e unha paixón vital", dixo o alcalde Luís Menor.

Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística, presentou o acto e referiuse ao "corazón e simpatía enorme" de Viñas e a o "patrimonio e bondade que nos legou". Asegurou a axuda da Xunta para a continuidade da publicación que chega a 40 países. A Bugalla é unha publicación para a difusión da cultura, turismo e folclore.

"Varios representantes do noso Concello tivemos ocasión de lem-



Valentín García na presentación da revista no Pereiro.

brar que Queixumes dos Pinos naceu no pobo da Derrasa; que os primeiros nenos e nenas que formaron parte da mesma foron alumnos do noso colexio Ben Cho Shey de onde chegou a unha dimensión internacional da que todos estamos orgullosos", dixo o alcalde.

Luís Menor Pérez agradeceu ós organizadores a lembranza dos orixes dunha organización que adquiriu unha enorme dimensión. "Seguir loitando por manter viva a súa memoria e a súa obra é obriga de todos. E dende o Concello faremos todo o que estea na nosas mans para logralo".

Restauración da igrexa de Santa María de Muxa



A Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades vén de executar unha actuación na igrexa de Muxa consistente na rehabilitación do interior e exterior da igrexa de Santa María de Muxa, no concello de Lugo, así como das portas do templo, uns traballos aos que a Xunta de Galicia destinou 14.215 euros.

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, comprobou o resultado das obras, executadas nun prazo de dous meses, que supuxeron o rascado, reparado, fixado e pintado de teitos e paredes, da reforma do altar e da

sanctaría, amais da recuperación das portas do templo. Tamén levouse a cabo unha importante intervención no exterior da igrexa, co lavado e hidrofugado da pedra da fachada exterior, e o pintado da mesma.

Javier Arias salientou que "grazas á intervención da Xunta de Galicia se recupera e pon en valor esta igrexa, construída entre os anos 1916 e 1918, e que forma parte do patrimonio lucense, moi próxima ao cruceiro de Santa María de Muxa e do castro da Cubela, e que está situada en plena ruta Xacobeá do Camiño Primitivo ao seu paso polo municipio de Lugo".

Os presidentes das Deputacións de Huesca e Girona en Monforte

O alcalde de Monforte, José Tomé Roca, recibiu en visita oficial ó presidente da Deputación de Huesca, Miguel Gracia Ferrer, e ó presidente da Deputación de Girona, Miquel Noguer i Planas, co obxectivo de analizar liñas de traballo conxuntas para a mellora de problemáticas comúns así como a promoción do territorio. Na visita, o alcalde estivo acompañado pola primeira tenente de alcalde, Gloria Prada, o concelleiro de Obras, Medio Rural e Servizos, José Luís Losada.

Tras manter un encontro de traballo e tras a firma no Libro de Honra do Concello, o alcalde agradeceu en rolda de prensa a ambos presidentes provinciais a súa visita a Monforte, indicando que os tres forman parte da Co-

misión de Deputacións da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), na que abordan periodicamente cuestións comúns que afectan a este tipo de institucións e que son similares na maioría dos casos.

José Tomé salientou que “hemos convenido hacer este tipo de visitas porque queremos promocionar el territorio a través de la cultura y el turismo, que cada vez tienen más importancia en la vida económica de nuestras ciudades y provincias”. O obxectivo é coñecer os proxectos e realidades de cada territorio, neste caso Monforte e a provincia de Lugo, e aproveitar para establecer novas liñas de traballo e intercambio de ideas e experiencias.

O encontro inclúe dous días de traballo, que se desenvolverán

na xornada de hoxe en Monforte, e mañá en Lugo, e que inclúen ademais visitas ós lugares máis destacados de ambas cidades, así como da Ribeira Sacra.

Liñas de traballo

Ambos presidentes provinciais salientaron nas súas intervencións a liña de traballo que José Tomé leva a cabo na provincia de Lugo no referido á posibilitar a permanencia no territorio da poboación, especialmente en áreas rurais, a través da mellora da mobilidade e das infraestruturas, nunha provincia con case 4.300 quilómetros de estradas locais e 10.000 núcleos de poboación.

O presidente da Deputación de Huesca, e alcalde de Arén, reivindicou ademais a necesidade de “ampliar con más dotación presupuestaria los fondos desti-



Encontro no consistorio de Monforte.

nados a la igualdad y a la cohesión territorial, sobre todo para los territorios rurales que están en desigualdad con las grandes urbes”. Pola súa banda, o presidente da Deputación de Girona e alcalde de Banyoles, salientou a similitude entre esta cidade e Monforte, que fai que compartan problemáticas similares, e tamén analizou aspectos que unen a estas tres Deputacións, como a despoboación, a rede de estradas ou a alta ruralidade. Do mesmo xeito, incidiu na promoción conxunta que estas tres institucións fan dos “productos agroalimentarios, de los

aspectos culturales, históricos y patrimoniales para hacer efectiva una promoción turística común”. E engadiu que “hoy el turismo es algo más que sol y playa, es patrimonio, experiencias diversas, gastronomía o etnoturismo”.

Os tres políticos comprometéronse a levar a cabo futuras xuntanzas en Huesca e Girona, “para seguir tratando problemáticas similares e abordar as mellores solucións e colaboracións posibles, coñecendo as experiencias de cada territorio e promocionando a riqueza patrimonial, cultural e gastronómica de cada provincia”.

Monforte destina ó alumado de Nadal máis de 900.000 luces Led

O alcalde de Monforte, José Tomé Roca, anunciou en rolda de prensa que a inversión para a colocación das luces de Nadal deste ano 2022 en Monforte alcanzará os 52.000 euros. Isto suporá a maior inversión en alumado de Nadal na historia de Monforte, cun incremento en relación co ano anterior, de 2.000 euros, o que representa un 4% de aumento”, subliñou o alcalde.

“Unha das principais novidades será a iluminación da Torre da Homenaxe, na que a través de proxectores exteriores, levaremos a cabo catro proxeccións distintas, unha en cada cara da Torre”, dixo Tomé. Deste xeito, increméntase o número de arcos colocados, que serán 27 máis que en 2021, pasando de 232 a 259. Tamén se estenderá a iluminación a catro novas rúas, sendo un total de 64 rúas, un 6% máis que en 2021, as que contén con arcos. En concreto, as novas rúas con iluminación serán a rúa Blanco Amor (2 arcos), Praza do Conde (1), rúa



José Tomé Roca, no centro na foto.

do Conde á altura do edificio Espinosa (1) e San Lázaro (3).

“O noso obxectivo con esta importante inversión no alumado da cidade”, destacou o alcalde, “é dinamizar o Nadal en Monforte e animar ós monfortinos e ás persoas que nos visitan, a que saían á rúa, que desfruten da cidade e que se animen a mercar no noso comercio e a consumir na nosa hostalería”.

Haberá un novo cono central na rúa do Cardeal, a modo de árbore de Nadal, de 17 metros de alto por 6 metros de diámetro, e na Praza de España haberá un

Paquete regalo. En ambos casos, contarán con paso interior “para que a xente poida facerse fotos no seu interior e para inxectar ilusión e alegría nas persoas que viven ou que visitan Monforte”.

O alumado será encendido o venres día 2 de decembro ás 6.30 da tarde na rúa Cardeal, e apagarase o domingo día 8 de xaneiro, estando en servizo 38 días.

Para contribuír co aforro enerxético, reducirase o horario de acendido: se no ano 2021 era de 18:30 a 3 da madrugada, este ano 2022, será de 18:30 a 1 da madrugada.

Carpa informativa sobre reciclaxe de aceite usado



Baixo o lema Reciclando aceite evitas que se contamine a auga, o obxectivo do Concello de Monforte é informar sobre a necesidade de reciclar axeitadamente o aceite de cociña usado, a través dos contedores que o Concello ten ubicado en distintos puntos da cidade.

A campaña informativa, estase a desenvolver dende o pasado día 11 de novembro. Na

casa da cultura organizouse unha charla informativa a cidadanía e fíxose un reparto de información directa ó cidadán, a través de flyers e tamén se obsequiou ós participantes cun funil promocional.

O Concello instalou seis novos contedores urbanos para a recollida de aceite usado, que se engaden ós 14 xa existentes en distintos puntos da cidade.

Rematou a segunda fase do embelecemento da contorna de Cachamuíña

A Deputación de Ourense vén de completar as obras de humanización e embelecemento do contorno do encoro de Cachamuíña, a segunda fase dun proxecto impulsado polo goberno provincial que xa permitiu inaugurar en xaneiro deste ano a nova zona de aparcadoiro, ao carón da estrada provincial OU-508. O proxecto permite avanzar na recuperación de espazos en desuso ou degradados para acondicionálos e seguir avanzando na resposta á crecente afluencia de ourensáns que achéganse ata esta área natural do Pereiro. Despois do aparcadoiro, co que triplicouse o espazo dispoñible para aparcarse, sumando 64 prazas -seis para persoas con discapacidade- esta obra supón mellorar as conexións do contorno do encoro.

O presidente da Deputación,

Manuel Baltar, visitou o novo espazo acompañado polo alcalde de Pereiro de Aguiar, Luis Menor, e o presidente da comunidade de montes de A Chaira, Emilio Pato. Baltar amosa a súa satisfacción por este “novo exercicio de cooperación, entre a Deputación, o Concello do Pereiro e os veciños propietarios destes terreos para poñer este espazo á disposición de todos os visitantes, humanizando e embelecendo o contorno do encoro despois de inaugurar o aparcadoiro”.

“Con este proxecto facilitamos que este pulmón de Ourense, este entorno máxico, sexa accesible para todos os visitantes para que poidan desfrutar dun lugar de absoluta referencia de natureza, saúde, deporte e lecer”, remarca Manuel Baltar, que valorou a “capacidade propositiva” de Luis Me-

nor, “auténtico impulsor do aproveitamento deste encoro. En Pereiro hai un antes e un despois, e iso chámase visión. E a visión, en política, son feitos”.

Agradece a colaboración veciñal: “Temos que incidir na cooperación da comunidade de propietarios do monte comunal de A Chaira, todas as facilidades que nos proporcionan, a súa disposición e a súa xenerosidade”.

O alcalde do Pereiro, Luis Menor, sinalou que “é sobresaínte a visión de concello da comunidade de montes de A Chaira, por encima de calquera interese persoal, que nos permite chegar a realidades como esta, mellorando espazos que estaba degradados”. “Dotamos de novos servizos á contorna do encoro mentres melloramos o entorno e recuperamos espazos”

O rexedor de Pereiro de Aguiar



Luis Menor, Emilio Pato e Manuel Baltar.

reivindica a importancia dunha obra “completamente necesaria, coa que dotamos de novos servizos aos visitantes -co novo aparcadoiro- mentres melloramos o entorno do encoro e seguimos recuperando espazos”.

Luis Menor tamén agradece á Deputación, “xestora deste espazo de lecer, a capacidade e habilidade para detectar as necesidades dos veciños e atender as nosas propostas”, destacando a importancia da cooperación institucional para “seguir avanzando na dinamiza-

ción do Pereiro, e na que é vital as liñas abertas de traballo co goberno provincial e a Xunta”.

O presidente da comunidade de montes de A Chaira, Emilio Pato, recoñece o traballo da Deputación e Concello: “Qué vou dicir tendo a este presidente e a este alcalde, que lle cedes un pedazo de terreo cheo de pedras e silvas e o converten nesta maravilla ao servizo do pobo. So podemos agradecer a gran colaboración que teñen co monte comunal de A Chaira”.

Camiña O Pereiro, 50 quilómetros de rutas no xeodestino Ribeira Sacra

Representantes institucionais do Concello de O Pereiro de Aguiar presentaban no encoro de Cachamuíña unha exposición ao aire libre baixo o suxestivo lema Camiña O Pereiro. “Cada día son centos as persoas que se achegan ao encoro para gozar deste espazo, agora queremos que dende aquí podan ter a infraestrutura e información necesaria para coñecer tamén outras partes igualmente atractivas do noso concello”, apuntaba Luís Menor na presentación aos medios de comunicación. “Grazas á colaboración da Rede Española de Cidades Saudables imos poder promover agora o coñecemento dos nosos recursos mediante a práctica dunha actividade saudable como é o sendeirismo”, comentaba o rexedor.

A exposición está conformada por dez unidades expositivas repartidas arredor do paseo do encoro. En cada unha delas preséntanse os diferentes recursos patrimoniais do municipio, así



Luis Menor, alcalde do Pereiro, presentando a exposición.

como as rutas de acceso aos mesmos. Itinerarios acondicionados nos últimos tres anos grazas aos traballos impulsados dende o concello e en colaboración con outras administracións provinciais e autonómicas.

“Na actualidade contamos con máis de 50 quilómetros acondicionados para a práctica do sendeirismo. Temos itinerarios deseñados para facer en familia como a Ruta dos Muíños do Río Loña e outros para públicos máis acostumados a camiñar como a Ruta dos Picos de Covas-Triós. En calquera caso rutas sempre perfectamente sinalizadas e ac-

cesibles para a veciñanza do noso municipio e quen se achegue a visitarnos”, apuntaba o alcalde de O Pereiro, Luís Menor.

Con esta acción o Concello de O Pereiro de Aguiar pretende sumar un novo factor de dinamización á economía local despois de que o municipio fora integrado dentro do xeodestino Ribeira Sacra. Unha estratexia que engloba a celebración de actividades gratuítas e guiadas de iniciación ao sendeirismo e á micoloxía para orientar a todas aquelas persoas que queiran aproximarse por vez primeira a esta práctica e a este territorio.

O Pereiro quiere que os autobuses urbanos da capital suban ao Concello



Xuntanza no Concello de Ourense.

Gonzalo Pérez Jácome, alcalde de Ourense, e Luís Menor Pérez, rexidor do Pereiro de Aguiar, mantiveron unha reunión na que tentaron asuntos concernentes a ambos os concellos, limítrofes entre sí, que supoñerían melloras importantes para os cidadáns en materia de comunicación.

Volveuse a abordar a mellora das comunicacións entre os dous municipios a través do Montealegre. Pérez Jácome anunciou ao alcalde do Pereiro que o Concello de Ourense licitará en breve as obras de mellora das comunicacións entre a cidade e os arredores do Auditorio e o municipio veciño

a través do Montealegre. Unha obra que prestará servizo á veciñanza dos dous municipios.

Por outra banda, tamén se avanzou no prego do concurso do Concello de Ourense para a adxudicación da xestión do servizo dos autobuses urbanos da cidade, o que se propón facer deixando aberto a posibilidade de que a Xunta de Galicia autorice prestar un servizo metropolitano. De ocorrer, o alcalde de Ourense ve a ocasión de que os autobuses poidan chegar a localidades como A Derrasa Menor., o Complexo de Monterrei e á capitalidade do Pereiro peticións que presentara o concello de Luís Menor.

O PSdeG denuncia que Baltar ignora as severas advertencias do Consello de Contas

O PSdeG-PSOE denunciou que Manuel Baltar está a ignorar as severas advertencias que o Consello de Contas detallou nun informe, tras agravar, ao longo dos últimos tres anos, a “trama millonaria” de “contratos a dedo” que mantén na Deputación de Ourense. “Levamos anos denunciando, co aval do Consello de Contas, esta trama de adjudicacións fragmentadas de forma presuntamente irregular”, proclamaron.

Os e as socialistas destaparon como só cinco empresas (Manuel Viso e hijos; Camiños de Ourense; Coviastec; Explotacións Medioambientais e Cruzval) acumularon o 65 % dos contratos menores adjudicados pola institución provincial. É dicir: estas empresas recibiron a dedo e sen concurso público do goberno de Baltar, máis de 9,6 dos 14,8 millóns adjudicados nos anos 2020, 2021 e no que vai de 2022. Estas cifras, que cualificaron como “ab-

solutamente escandalosas”, tamén destapan que, dos 425 contratos menores tramitados, 262 foron parar sen concurso algún a estas empresas.

O voceiro provincial, Rafa Villarino, asegurou que “é sospeitoso que pasen os anos e que cheguen advertencias de todas partes, pero que non se faga nada, polo que xa nos fai temer algo máis”, ante unha “realidade” que definiu como “bastante escandalosa”, porque “aparte de ser honrado hai que parecelo e aquí non parece moi honrado o que se está a facer”.

O grupo socialista defenderá unha iniciativa no pleno de novembro na que “dicimos que ten que acabar esta práctica, que ten que adecuarse a legalidade e que se ten que tirar polo beneficio da administración e da cidadanía, con procedementos abertos que proporcionen oportunidades ás empresas e maior rédito a administración pública”, explicou o voceiro antes de si-

nalar que “reservan outras accións legais”.

Villarino resaltou que “non ten que haber sospeitas de acordo entre empresas e administración pública e o que ten que haber é absoluta transparencia, claridade e xustificación motivada real de que non existe, por un lado, fraccionamento e, por outro lado, de que estas obras son necesarias” antes de remachar que “imos tentar rematar con esta trama de contratos menores inxustificada e inxustificable”. “Estamos estudando posibles vínculos, xa que creemos que ten que existir algún vínculo para que Manuel Baltar actúe deste xeito”, advertiu.

Escándalo

O vicevoceiro, Nacho Gómez, tamén cualificou de “escándalo absoluto” esta situación “irregular” xa que “hai un fraccionamento de contratos para unha mesma obra que é un fraude de lei claro”. “Imaxinen que o Estado, para facer un viaduto do AVE, fracciona



Rolda de prensa do PSdeG de Ourense.

a obra en 10.000 contratos para que o ministro de turno os dea a dedo”, exemplificou o deputado antes de indicar que “non deixan aos concellos contratar directamente as obras, impondo condicións económicas inasumibles, limitando así a democracia e adjudicando el todo a dedo”. “Isto son datos e onde hai contas, non hai contos”, concluíu.

Estas adjudicacións masivas a dedo agraváronse desde a chegada de Manuel Baltar á presidencia. Nos últimos tres anos, o goberno provincial fixo oídos xordos e afondou nesta “trama”, xa que este mesmo proceder e estas mesmas empresas, xa foron sinaladas polo máximo órgano fiscalizador de Galicia.

Concesión nominativa

En 2021, os e as socialistas denunciaron que Contas avalou a denuncia do PSOE rexistrada un ano antes, na que xa detallaban este carrusel de irregularidades en contratos e subvencións. Daquela relataron como o informe constatou que a contratación menor a dedo e sen publicidade é o procedemento ordinario de adjudicación, superando o 80% do volume. Contas tamén destapou que o procedemento máis empregado para distribuír subvencións foi a concesión nominativa –o 84 % do total–, un proceder que incumpra a Lei Xeral de Subvencións na que se estipula que o procedemento ordinario debe ser a concorrência competitiva.

A Xunta realiza traballos no mosteiro caldelá de San Xoán de Camba

O delegado territorial da Xunta en Ourense, Gabriel Alén, desprazouse ao Concello de Castro Caldelas para achegarse, acompañado da alcaldesa, Sara Inés Vega Núñez, ao mosteiro de San Xoán de Camba, coincidindo co comezo dos traballos de roza, limpeza e documentación, aos que a Consellería de Cultura, en colaboración do Concello, destina máis de 15.000 euros.

O delegado territorial considerou necesario levar a cabo neste ano 2022 traballos de roza e limpeza, baixo control arqueolóxico, así como de rexistro documental e topográfico, coa finalidade de favorecer a súa conservación e documentación de cara a unha futura posta en valor deste recurso

que supón un gran atractivo turístico e patrimonial.

Gabriel Alén explicou que os traballos que se está a desenvolver consisten na realización dun informe histórico sobre o antigo mosteiro de San Xoán de Camba, con revisión en arquivos e bibliotecas de documentación bibliográfica e documental.

Tamén se acometerán tarefas de roza, limpeza e retirada de vexetación, residuos e madeiras, baixo control arqueolóxico, do sitio histórico, tanto dos muros e interior da edificación principal do antigo mosteiro e das dependencias anexas coma da contorna inmediata no que se inscribe. A superficie máxima do ámbito de actuación é duns 3.000 metros cadrados, subscrita á parcela propiedade da Diocese

de Ourense. Así mesmo, levarase a cabo a corta daquelas árbores que inciden de maneira negativa no sitio histórico e a poda e/ou rareo daquelas árbores existentes no seu entorno.

Executarase unha montaxe dun peche perimetral na edificación principal do antigo mosteiro, composto por postes de madeira tratada de 2 metros de alto e 10 centímetros de diámetro e dunha malla cinxética de 1,20/1,50 metros de alto.

Realizarase unha prospección arqueolóxica do sitio histórico e do seu entorno inmediato para identificar e determinar a súa configuración espacial e os seus elementos principais e farase un inventario das estruturas arquitectónicas existentes e dos ele-



O que fora mosteiro dúplice hoxe está ruinoso.

mentos histórico-artísticos máis significativos (inscricións, elementos escultóricos...).

Tamén se levará a cabo un levantamento topográfico, mediante fotogrametría 3D e/ou escáner láser de alta precisión, do sitio histórico para a súa documentación espacial, con vídeo e fotografía aérea (oblicua e vertical) con tomas xerais do sitio histórico e de detalle dos seus elementos máis significativos (igreja, de-

pendencias monásticas...).

Por último, desenvolveranse tarefas de divulgación entre a comunidade local dos traballos que levados a cabo e sobre os valores propios do lugar a través da realización dunha visita guiada, unha vez rematada a actuación, e realizarase unha memoria técnica da intervención no que se recollan os traballos realizados e os seus resultados, a presentar ao remate dos traballos de campo.

Francisco Rodríguez será o candidato do PSOE en Ourense

O PSdeG-PSOE confirmou que Francisco Rodríguez, alcalde de Ourense de 2007 a 2012, será candidato á Alcaldía nas eleccións de 2023. Os socialistas evitan así celebrar unhas primarias para as que se postularon o actual portavoz municipal, Rafael Rodríguez Villarino e a secretaria xeral da agrupación local, Natalia González.

A dirección do PSdeG propuxo a Francisco Rodríguez para desbloquear a situación. Todas as partes están de acordo coa operación e Ferraz suspendeu xa as primarias en sinal de unidade en

torno ao candidato.

Rodríguez presentárase como candidato á Alcaldía á que chegou por primeira vez no ano 2007 grazas a unha coalición co BNG. Rodríguez mellorou resultados nos comicios do 2011 e logrou revivir a Alcaldía, de novo co apoio do BNG.

Pero o día 20 de setembro do ano 2012 a xuíza Pilar de Lara ordenou a súa detención no marco da Operación Pokémon. Recentemente arquivouse unha das pezas nas que se lle investigaba e, quedan outras por resolverse, tanto Rodríguez como o seu partido

confían en que todas as acusacións que pesaban sobre el quedarán finalmente en nada. Rodríguez abandonou a militancia do PSOE cando foi detido e aínda non recuperou o seu carné.

“Imos a por todas co mellor candidato que podemos presentar”, explican fontes da dirección do PSdeG que lidera Valentín González Formoso. Esta designación “supón restablecer feridas e devolverlle a Paco Rodríguez unha posición, desde a dignidade, a honradez e a recuperación do orgullo dun gran alcalde que sufriu unha persecución inxusta e que



Francisco Rodríguez e Valentín González Formoso.

privou a Ourense da mellor etapa do últimos vinte anos”, engaden desde a executiva galega.

Natalia González (sobriña política de Rodríguez e que foi do seu equipo de confianza cando él era alcalde) dixo respectar a decisión do partido e afirmou

poñerse a partir de agora “a total disposición para traballar e gañar Ourense xuntos”. Rafael Rodríguez Villarino garda silencio. Nas eleccións municipais de 2019 fora o candidato máis votado, cuns resultados históricos na cidade.

Novos traballos de restauración no santuario de Nosa Señora das Ermidas

A Xunta de Galicia licitará novos traballos de restauración no Santuario de Nosa Señora das Ermidas (O Bolo) cun investimento de case 560.000€. Así o anunciou o conselleiro de Cultura, Educación, FP e Universidades, Román Rodríguez, nunha visita ao lugar na que explicou que esta nova achega permitirá actuar na cuberta, fachadas e soportais, mellorar a zona das visitas culturais e a accesibilidade na Horta das Olivas e investigar a canalización histórica deste ben.

Con esta nova actuación o investimento feito polo Goberno galego neste santuario durante a última década elévase ata os case 850.000€. “Na Xunta de Galicia temos clara a relevancia deste monumento non só para a provincia de Ourense, se non para toda a Comunidade. Proba disto é o importante esforzo orzamentario que vimos facendo para garantir a súa conservación desde a súa declaración como Ben de Interese Cultural no ano 2006”, subliñou.

O Goberno galego é a administración máis comprometida co patrimonio cultural galego, como así o demostra o incremento nos orzamentos do vindeiro ano do 14% nas contas destinadas á conservación, restauración, investigación e



As Ermidas pertence á Diocese de Astorga.

divulgación de bens patrimoniais.

No caso concreto do Santuario de Nosa Señora das Ermidas, os traballos previstos inclúen a reparación da cuberta, a aplicación de tratamentos de limpeza, consolidación e renovación dos rexuntados e a restauración da bóveda plana da Torre do Evanxeo. Ademais, na Casa da Administración están previstas tarefas de limpeza e a eliminación de cementos e elementos alleos e a desmontaxe das reixas e vidros existentes co fin de recuperar o espazo orixinal dos soportais.

O proxecto complétase coa dotación dunha nova iluminación, a renovación dos vidros, a recu-

peración das carpinterías, a execución de novas estruturas metálicas para soportar os Vía Crucis e a rehabilitación integral dos aseos, o que permitirá mellorar as infraestruturas da zona das visitas culturais.

O Santuario da Nosa Señora das Ermidas atópase situado entre os macizos das serras de Queixa, do Eixo e de San Mamede, nunha profunda garganta do río Bibeí e próximo a unha das antigas rutas de penetración en Galicia, a Vía Romana de Astorga a Ourense, non lonxe do cruzamento coa Vía de Braga a Astorga. Goza dunha situación privilexiada, localizada nun anfiteatro natural que realza a súa arquitectura barroca.


Nos últimos anos a Xunta de Galicia xa executou varias actuacións de conservación neste inmovible a partir do plan director do Santuario das Ermidas desenvolvido entre 2012 e 2014. Para poder realizar todas estas melloras, a Consellería de Cultura asinou un convenio de colaboración coa Diocese de Astorga para a posta a disposición dos terreos e inmovibles necesarios para a execución das actuacións de conservación e restauración en varios inmovibles eclesiásticos, entre os que se atopa este santuario.



Non apoiar a Baltar sae caro

O alcalde Xosé Manuel Castro (PP) do Concello de Os Blancos na comarca da Limia rexeitou ceder un edificio municipal ao

colectivo Espazo Matrioshka por negarse a publicitar as axudas do presidente da Deputación de Ourense, Manuel Baltar. Fonte: Diario Público.



Redacción OURENSE

Por Moncho Mariño

Xaquín Loredó: “os rapaces galegofalantes deben ter espazo para desenvolverse en galego para non verse presionados e cambiar de lingua”

Xaquín Loredó forma parte do Seminario de Lingüística da Real Academia Galega. É un dos investigadores detrás do documento *Prácticas lingüísticas na infancia*. A xestión lingüística nos pri-

meiros contextos de socialización. Este é un traballo sobre os nenos galegofalantes dentro do sistema educativo e o seu desprazamento lingüístico cara o castelán, como e por que se produce dito desprazamento.

-As orixes da desgaleguización dos máis novos dentro das primeiras etapas do ensino, na socialización e actividades extraescolares, seguen sendo iguais ás de hai vinte ou trinta anos?

É unha pregunta difícil de contestar. Estivemos seguindo unha liña de traballo que comezamos no Concello de Ames. Era un estudo máis cuantitativo no que traballabamos cunha serie de cuestionarios cuns números, mais os números poden ter unha certa trampa ao final, só poden explicar unha situación até certo punto. En *Prácticas lingüísticas na infancia*. A xestión lingüística nos primeiros contextos de socialización, o que fixemos foi darlle voz a todos os actores involucrados na escola, tanto de portas para adentro como para fóra da aula. Por outra parte, a realidade social cambiou moito en vinte anos. As familias cando teñen un fillo introdúcenlo no sistema escolar mais ao final os nenos teñen unhas xornadas de traballo moi amplas. Está a conciliación laboral con “Bos Días”, comedores, tardes, actividades extraescolares para complementar cadeiras e outros tipos de actividades, por iso digo que para os nenos acaban sendo

xornadas laborais moi amplas. Dáse o paradoxo que esas xornadas de portas para fóra son máis amplas que os horarios lectivos.

-Entón este traballo é unha achega sobre o que acontece fóra da aula.

Si, porque aí encontramos ese desprazamento cando entras na escola desde o galego para o castelán, mais onde están involucrados todos os axentes. Desde o que é o contexto da aula a outro tipo de espazos onde, pouco a pouco, os nenos se desprazan desde a infancia a ese tipo de socializacións máis secundarias. Estes contextos teñen para nós unha grande importancia.

-Dentro do ámbito familiar aléntase ese desprazamento do galego ao castelán?

Tamén estudamos os círculos familiares e non se pode dicir que haxa unha intención explícita de dicir “isto vai nesta dirección”, polo menos nos contextos referentes que estudamos na comarca de Santiago. Non estamos diante dun modelo explícito de como se deben facer as cousas ou como deben traballar coas linguas. Os profesionais, moitas veces sobrepreparados, non teñen o foco sobre a lingua. Isto é algo secundario e que está aí, mais a súa atención

focalízase sobre todo en desenvolvementos cognitivos e psicomotrices. Os procesos lingüísticos son elementos que non teñen tan en conta. É un modelo difuso onde eles non están traballando. En canto ás familias, moitas veces vemos que non saben como xestionar isto da lingua. Todos teñen esa idea na cabeza de que os rapaces cando entran na escola van cambiando de lingua. Non saben se facer algo explícito, mais hai familias que si o saben e teñen esa intención ou deixar que as cousas ocorran.

-Detrás deste traballo hai varias institucións que apoiaron a súa materialización.

Nós comezamos coa colaboración do Concello de Ames, coa RAG e nalgún caso coa Deputación da Coruña. Unha liña de traballo comezou especificamente no Concello de Ames. Debido á transcendencia que tivo, ampliamos a toda a comarca de Santiago para ter outro tipo de contexto diferente. Así tivemos, contexto urbano, rural e periurbano, tamén cunha grande taxa de inmigración. Presentamos o proxecto á Deputación da Coruña e eles estaban interesados en continuar coa idea pois consideran que os rapaces que proceden dunha lingua familiar



galegofalante, deben ter espazo para desenvolverse en galego para non verse presionados a cambiar de lingua. Nós presentamos unha realidade, os nenos tenden a imitar os contextos e cambiar e non asentar a lingua familiar, mentres os castelánfalantes non teñen ese tipo de problema.

-Que elementos observaron durante os seus traballos de análise?

Vimos modelos totalmente diferentes. Ames ten un modelo moi anovador que leva xa desde comezos do 2.000, un modelo municipal e onde a súa capacidade de intervención é maior e establecer un modelo con eles é máis doado. Aínda así, teñen unha serie de complicacións como unhas taxas de desgaleguización moi altas. Un dato que sorprende en Ames foi ver a cantidade de familias galegofalantes existentes no seu Concello, maior que as de castelánfalantes. Non obstante, a cantidade de nenos que acaban desenvolvéndose na lingua familiar é moito menor. En contraste, temos o Concello de Santiago, un lugar máis difuso, onde terían moitos máis recursos e teñen un modelo lingüístico menos dependente do ámbito municipal porque

o teñen moi diversificado. Aí é máis difícil de establecer unhas liñas concretas de actuación. Outro caso é o ámbito rural, onde o acceso a subvencións é máis limitado.

-Teñen feito propostas de dinamización do galego dentro das actividades extraescolares?

Vendo os resultados do noso traballo, o que queremos deixar claro desde o Seminario de Sociolingüística da RAG, os nosos estudos son avaliacións onde lle demos voz a todos os actores implicados. Mais estes estudos non poden quedar aquí, son unha fase previa e necesaria para levar adiante despois unha intervención. Iso é o que desexamos dar a saber. Por outra parte, xunto co Concello de Ames estamos a desenvolver un programa de intervención integral onde tratamos de involucrar a todos os actores, non só ás actividades extraescolares, senón tamén dentro da clase e coas persoas involucradas no desenvolvemento do neno. Pensamos que unha intervención moi concreta nun punto moi concreto non acaba callado. Sería un proxecto piloto e logo avaliaríamos e logo estandarizalo para levar a outros puntos.



LECTURAS PARA
O LECER

EDITORIAL GALAXIA



www.editorialgalaxia.gal

“Un tiro para Méndez Ferrín”, un libro fascinante sobre grandes autores da literatura galega

Edicións Embora sacou á rúa “Un tiro para Méndez Ferrín e outras historias”. Trátase dun libro de relatos curtos, baseados en situacións vividas durante as últimas catro décadas por X. M. del Caño con grandes escritores, artistas e políticos galegos

Isto permitirá que o lector poida aproximarse á pel e ao corazón de Xosé Luís Méndez Ferrín, Manuel Colmeiro, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Carlos Casares, José Ángel Valente, Xesús Alonso Montero, Laxeiro, Manuel Prego de Oliver, Manuel María, Uxío Novoneyra, Antón Tovar, Chano Piñeiro, Pura e Dora Vázquez, Alfredo Conde, Graham Greene, Alfonso Sobrado Palomares, Carlos G. Rei-gosa, Isaac Díaz Pardo, Enríque Lister, Manuel Fraga e Carlos Slim.

Antón Riveiro Coello chama nun dos epílogos “a lectura dun libro xenial, escrito por quen tivo a sorte de estar aí, en momentos importantes da nosa cultura, a carón de recoñecidos artistas e destacados políticos”. E subliña, a continuación: “O prestixio deste libro fascinante non está en desvelar certas intimidades, nin en



amosar o xeito, ás veces un pouco torpe, co que se desenvolven as persoas que admiramos cando andan pola parte máis mundana das súas vidas. O verdadeiro ouro do texto está máis alá das zonas restrinxidas, acoutadas, que poden quedar nas marxes dunha entrevista ou dun encontro inesperado”.


O libro revela algunhas das cousas que foron quedando no tinteiro, como dicía Díaz Pardo, cada vez que X. M. del Caño facía un libro, unha entrevista ou participaba nun acto literario, ao

longo das últimas catro décadas. Moitas delas son reveladoras e axudan a comprender mellor a obra e a vida de grandes personaxes galegos.

Ramón Nicolás destaca no prólogo que se trata de “vivencias e experiencias, ben contadas e ben traídas, coa brevidade, concisión e claridade que esixen a profesión xornalística, a percorrer ecos e pegadas que no autor deixaron, en ocasións a xeito de semblanzas emotivas, como as referidas, a carón doutras prosas que reflicten situacións, por veces, surrealistas que Del Caño viviu”.

Ramón Caride repara en que, “seguramente, desmitificar é unha forma de mitificar doutro xeito. Sobre todo en Ourense –OU– onde a Ourenseña convive coa Ourenseña –véxase, a este respecto, o relato-non relato Marisco, tan de hoxe, só con mudar algún nome–, e máis nestes días abondo incertos”.

F. X. Fernández Naval lembra: “Seguín sempre con interese o traballo de Xosé Manuel del Caño en Faro. Aprendín, gocei e emocionéime cos seus libros de conversacións con Antón Tovar e Xosé



Méndez Ferrín e Del Caño.

Luís Méndez Ferrín”. E decide secundar o modelo, para recuperar situacións similares que el mesmo viviu con Uxío Novoneyra e Ferrín, relacionadas con Ramón Otero Pedrayo e coa concesión dun premio de novela que rematou gañando.

“Un tiro para Méndez Ferrín e outras historias” ten como punto de partida Retrincos, a obra máis pequena e fascinante de Castelao, que utiliza como modelo e referencia. O autor explica na introdución, que pretende ser “un libro con Castelao ao fondo”. Admite que, despois de tantos anos, aínda se segue deluvando os ollos ao lembrar os relatos que atesoura. “Trátase dun Castelao brutalmente sincero. Coma unha caricia a contrapelo, para un nacionalista republicano, recoñece no relato ‘O inglés’ que, cando era neno, quixo matar por nacionalismo español”.

Historias con forza, sempre apegadas á pel do autor, coma “O

retrato”, no que un home que ten ao seu fillo agonizante o pon a proba como médico, como persoa e sobre todo como debuxante; “Sabela” coloca as mans na cintura, a modo de regateira, e exclama no tardío reencontro co escritor, con bágoas nos ollos: “Meu bailarín!”, ao lembrar as festas que compartiran en tempos mozos; e “Peito de lobo”, a xenreira que desatara no forzado da vila ao sentirse caricaturizado, ata a sorna, co agravante de poñer o acento nunha ridícula espulla que o acomplexaba. Incluso chegou a perseguilo, para darlle o debido castigo. Pero aquela carraxe tiña data de caducidade. Na súa senectude, cando lle minguaron as forzas, sentía nostalxia e lembraba melancólico aquel episodio. Ate o punto de achegarse a un forasteiro nunha procesión, para reivindicar a rexouba: “Ise éralle eu!”, murmuraba fachendoso.



CONCELLO DE
**MONFORTE
DE LEMOS**

*Alcalde e Corporación Municipal
de Monforte de Lemos
felicita o Nadal e Aninovo
a veciños e visitantes.*

Monforte, capital da Ribeira Sacra

